

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN  
DE PONTEVEDRA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA PARA OS GASTOS DE ORGANIZACIÓN DO  
PROGRAMA “ABERTOS AO GALEGO”



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A MESA POLA  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS GASTOS DE ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA  
“ABERTOS AO GALEGO”

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

REÚNENSE

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da institución provincial, entidade con CIF P-3600000-H, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Da outra, Marcos Maceira Eiras, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos seus estatutos.

Dá fe do acto, María Beatriz del Cerro del Río, vicesecretaria da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e conforme aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións do sector público, das administracións, das corporacións de dereito público e, en xeral, de calquera entidade pública. De acordo co anterior,

EXPOÑEN

I. A Deputación de Pontevedra é unha Administración pública, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins



propios e específicos, de acordo co disposto no artigo 5 da LRBRL e no artigo 101 da LALG.

II. A Mesa pola Normalización Lingüística é una asociación sen ánimo de lucro que ten como único obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da vida social, dotada de personalidade xurídica e con capacidade de obrar.

III. Que, de acordo co artigo 36.d da LRBRL, serán competencias propias das deputacións as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109.d da LALG establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras .

IV. Que no artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétase que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1 establécese que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.”, e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

V. Que no artigo 31.5, Medidas de fomento, da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establécese que “As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, poderán establecer coas asociacións que persigan obxectivos de interese xeneral, convenios de colaboración en programas de interese social”.



VI. Que no artigo 22.2 da Ordenanza xeral de subvencións (OXS) da Deputación de Pontevedra recóllese que as subvencións se poderán conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión plenaria o día 26 de decembro de 2025 (BOPPO núm. 248 de 30 de decembro de 2025), acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026 no que se inclúe unha subvención nominativa á entidade A Mesa pola Normalización Lingüística, con CIF G-15154610, para os gastos de organización do programa “Abertos ao galego” por importe de 7.000,00 €.

VII. Que debe terse en conta que os actos de concesión de subvencións (acordo, resolución ou convenio) terán o carácter de bases reguladoras e deben incluír, como mínimo, o recollido no artigo 15.6 da OXS da Deputación de Pontevedra.

VIII. Avaliada a solicitude de subvención presentada pola entidade, na que se acredita que o expediente de petición de subvención reúne os requisitos establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como o establecido na OXS da Deputación de Pontevedra.

IX. Os convenios entre as administracións públicas ou coas corporacións de dereito público constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establece no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), no artigo 57 da LRBRL, e nos artigos 198 e seguintes da LALG.

X. De acordo cos motivos expostos, e a fin de cumprir as dúas entidades cos seus fins e obxectivos e así garantir o fomento de actividades en favor da dinamización lingüística para a poboación da provincia de Pontevedra, é desexo de ambas as partes asinar este convenio de colaboración para os gastos de organización do programa “Abertos ao galego”, con suxeición ás seguintes:



## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención nominativa prevista no Orzamento 2026 da Deputación de Pontevedra en favor da Mesa pola Normalización Lingüística coa finalidade de financiar os gastos de organización do programa “Abertos ao galego” e contribuír a que esta entidade, que ten como único obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, poida levar a cabo este proxecto para promover o uso do galego por establecementos comerciais, hostaleiros e empresas, a través das seguintes accións: certificado de uso da lingua galega, difusión dos establecementos e empresas con dispoñibilidade lingüística, pautas para a galeguización, edición anual do catálogo de Nadal e premios Abertos ao Galego.

### Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención nominativa prevista no seu orzamento de 2026 á Mesa pola Normalización Lingüística e aboar o importe de 7.000,00 €, condicionado ao cumprimento dos termos establecidos neste convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos establecidos neste.

### Terceira. Obrigas da Mesa pola Normalización Lingüística

A Mesa pola Normalización Lingüística comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención do proxecto “Abertos ao galego”.



- Xustificar ante o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou aproveitamento da subvención.
- Cumprir coas medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos na cláusula décima do convenio.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.
- Someterse ás actuacións de comprobación, que leve a cabo o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente ou entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- Cumprir cos demais supostos previstos nesta convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da LXS.

#### Cuarta. Vixencia

O período de vixencia deste convenio será desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. En canto ao período de realización das actividades, este abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026, con independencia da data da súa sinatura.

#### Quinta. Condicións e financiamento

A achega económica da Deputación para a realización deste convenio será de sete mil (7.000) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/334.3340.489.05.

Para o aboamento da cantidade a entidade deberá estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non poderá estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.

O importe da subvención supón un coeficiente de financiamento do 82,47 % sobre o orzamento detallado do proxecto obxecto da subvención presentado polo entidade por importe de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €).

Orzamento	Subvención concedida	Coeficiente de financiación
8.500,00 €	7.000,00 €	82,3529 %

#### Sexta. Xustificación do convenio

O prazo para a xustificación do convenio finalizará o 28 de febreiro de 2027.



E, para xustificar o cumprimento e o posterior pagamento da subvención, A Mesa pola Normalización Lingüística deberá presentar:

1. A conta xustificativa dos gastos por un importe igual ou superior ao orzamento total da actividade que figura na súa solicitude, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, na que se detallan as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e que reflicta que os gastos que figuran nela son reais e que se destinaron á finalidade para a que se concedeu a axuda.

Este documento pode descargarse nas seguintes ligazóns:

Conta xustificativa:

[26b63eef-92dc-ebbe-8cff-83e88d0e790c \(depo.gal\)](https://depo.gal/26b63eef-92dc-ebbe-8cff-83e88d0e790c)

Anexo:

[4f302094-7f80-db04-7f14-18f7b5d02afb \(depo.gal\)](https://depo.gal/4f302094-7f80-db04-7f14-18f7b5d02afb)

A xustificación dos gastos polo importe da subvención concedida pola Deputación por medio de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total.

2. A memoria explicativa do desenvolvemento das accións subvencionadas e dos servizos prestados asinada pola persoa competente e selada, na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente e na que se indiquen os obxectivos acadados, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
3. Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, que inclúan o logotipo de Deputación de Pontevedra.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, e non se aboará máis ca o importe xustificado co límite da subvención concedida.



#### Sétima. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Conforme ao disposto no artigo 19.3 da LXS e no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, en illamento ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e os seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra para o ano 2026 da Deputación de Pontevedra.

#### Oitava. Comisión de seguimento

Estará constituída por dúas persoas representantes de cada unha das partes que interveñen neste convenio e encargaranse de:

- Interpretar, supervisar e controlar o contido deste convenio.
- Seleccionar as persoas participantes.
- Trasladarlles aos órganos competentes das dúas partes as propostas presentadas.

#### Novena. Control, seguimento e avaliación

A Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.



Para iso, a institución provincial, a través da área de Intervención, poderá someter a control financeiro esta subvención, tal e como se establece no artigo 44 da LXS e no artigo 31 da OXS desta Deputación.

Este control terá por obxecto verificar:

- a. A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte das entidades e persoas beneficiarias.
- b. O cumprimento por parte das persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.
- c. A adecuada e a correcta xustificación das subvencións e a consecución dos seus obxectos.
- d. A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, se financiaron coa subvención.
- e. O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- f. A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por parte das persoas beneficiarias que poidan afectar a correcta obtención, utilización, aproveitamento ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións financiadas por ela.

Nese sentido, as persoas ou entidades beneficiarias deben pagarlles ás ou aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada; terán que facelo preferentemente por medio de instrumentos de entidades financeiras e será obrigatorio cando o importe supere os novecentos (900) euros.

Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro. Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio remitiráselle ao Consello de Contas, en aplicación do artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución do 2 de decembro de 2016).



#### Décima. Publicidade e difusión

A Mesa pola Normalización Lingüística comprométese a facer constar a colaboración e a participación da Deputación en toda a publicidade que elabore sobre o convenio, independentemente do medio de difusión. A institución provincial resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a súa execución.

Para todo o relativo á publicidade seguiranse as instrucións establecidas polo Servizo de Comunicación Institucional a través do seguinte correo electrónico: [comunicacion@depo.gal](mailto:comunicacion@depo.gal)

#### Décimo primeira. Notificación electrónica

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Décimo segunda. Extinción e efectos da resolución dos convenios

O presente acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da LRXSP. En particular, resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

#### Décimo terceira. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención.



- Incumprimento da obrigación de presentación de xustificación nos termos establecidos.
- Demais causas determinadas na normativa de subvencións.

#### Décimo cuarta. Réxime xurídico e lexislación aplicable

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 36.1.d (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Ordenanza xeral de subvencións (OXS) da Deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do Orzamento provincial, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Demais lexislacións aplicable.

A competencia para o coñecemento das accións derivadas deste convenio corresponderalles aos xulgados e tribunais que proceda, en aplicación da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e está sometido ao réxime previsto nos artigos do 47 ao 53 da LRXSP.



En cumprimento do disposto no artigo 53 da LRXSP, e na Resolución do 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos subscritos polas entidades do sector público local, este convenio, cuxos compromisos económicos non superan os seiscientos mil (600.000) euros, rexistrárase na aplicación informática da Deputación de Pontevedra co obxecto de incorporar os datos deste á relación certificada anual que se lle remitirá ao Tribunal de Contas.

#### Décimo quinta. Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométense a darlles un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a:

- Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- Garantir que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- Non cederlles a terceiras persoas os datos de carácter persoal, salvo nos casos nos que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.



A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso das súas empregadas e empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán destruírse ou devolverse unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento no que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes, sen prexuízo das excepcións que se puidesen establecer na normativa ou nas decisións xudiciais con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que o requiran pola súa natureza. Deberá dársele o mesmo destino a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

E, en proba de conformidade, ambas as partes asinan este convenio de forma dixital na data indicada na marxe.

